

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

EDUCACIÓN INFANTIL 2021/2022



**CEIP PLURILINGÜE GRAXAL
CAMBRE, A CORUÑA**

INDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
2. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS DIFERENTES BLOQUES DE CONTIDOS DAS ÁREAS DE COÑECEMENTO.....	5
3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	19
4. ACTIVIDADES.....	22
5. METODOLOXÍA E TEMPORALIZACIÓN.....	30
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	33
7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	34
8. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	36
9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA EDUCACIÓN EN VALORES.....	38
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	40
11. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	42
12. O PERÍODO DE ADAPTACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL:.....	43
13. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO DEBIDO A SITUACIÓN DO COVID19.....	44
14. ADAPTACIÓNS NECESARIAS EN CASO DE DOCENCIA NON PRESENCIAL.....	45

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

A programación didáctica é o instrumento específico de planificación, desenvolvemento e avaliación de cada una das áreas do currículo, tal e como se establece na Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil en Galicia.

Cabe destacar que a finalidade da educación infantil é a de contribuír ó desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual das nenas e dos nenos tal e como se reflexa no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil en Galicia.

Ademáis a educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- j) Todo isto tendo en conta que os contidos educativos da educación infantil organizaranse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para as nenas e os nenos.

As áreas da educación infantil, tal e como se recollen no artigo 6 do decreto 330/2009, do 4 de xuño, son as seguintes:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: comunicación e representación

Os contidos educativos que atinxen ás áreas agrúpanse en bloques, que non son unidades independentes, senón que deben visualizarse de forma inclusiva e relacional, xa que comprenden aspectos que se conteñen e vinculan uns cos outros, e mesmo non poden ser traballados separadamente dos contidos do resto das áreas. Faise, polo tanto, imprescindible un enfoque global e significativo de ensino e aprendizaxe.

2. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS DIFERENTES BLOQUES DE CONTIDOS DAS ÁREAS DE COÑECEMENTO:

2.1 ÁREA : COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

2.1.1. BLOQUE DE CONTIDO: O CORPO E A PROPIA IMAXE

OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA

- Formarse unha auto imaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.
- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...

CONTIDOS

- O corpo humano: segmentos e elementos. Características diferenciais.
- Imaxe global e segmentada.
- Sensacións e percepcións.
- As necesidades básicas.
- Os sentidos e as súas funcións. Sentimentos e emocións propios e dos demais e a súa expresión.
- Autoestima. Autocrítica. Tolerancia. Empatía. Solicitar. Negociar. Responsabilidade. Solidariedade.
- Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal.

- Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades básicas do corpo.
- Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo.
- Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.
- Observación dos cambios físicos nas persoas ó longo do tempo.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino.
- Adquisición de confianza nas capacidades propias.
- Control progresiva dos propios sentimentos e emocións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.
- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.

2. 1.2 BLOQUE DE CONTIDO: XOGO E MOVEMENTO

OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA

- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

CONTIDOS

- Posturas do corpo e movementos no espazo e no tempo.
- Lateralidade: dereita, esquerda.
- Nocións básicas de orientación no espazo: dentro, fora; xunto, separado; arriba, abaixo; enriba, debaixo; preto, lonxe...
- Nocións básicas de orientación no tempo: día, noite, onte, hoxe,mañá.
- Psicomotricidade
- Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción
- Potenciación do xogo, partindo do coñecemento dos propios da comunidade e abríndose ó coñecemento dos das outras.
- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas.
- Gozo co xogo como medio de desfrute e de relación.
- Satisfacción polo crecente dominio persoal.
- Aceptación e valoración de regras para xogar.
- Valoración das súas capacidades motoras, de coordinación e de orientación no espazo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, a acción e á vida cotiá.

-Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.

-Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas .

2.1.3. BLOQUE DE CONTIDO:A ACTIVIDADE COTIÁ

OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA

- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de auto confianza e sendo quen de solicitar axuda

- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e mais evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.

CONTIDOS

-As distintas actividades da vida cotiá: de xogo, domésticas, de cumprimento e resolución de tarefas..

-Grafomotricidade: grafos, letras (vogais e consoantes).Labirintos.

-Normas básicas de relación e convivencia.

-Atención.

-Razoamento

-Hábitos de axuda, colaboración e cooperación

-Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.

-Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo , dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.

-Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias.

-Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.

-Interese por participar en actividades da vida cotiá.

-Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, sendo quen de solicitar e prestar axuda

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar normas.

-Atender e razoar dentro das súas posibilidades.

2.1.4. BLOQUE DE CONTIDO: O COIDADO PERSOAL E A SAÚDE

OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA

-Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

CONTIDOS

-A saúde e o coidado dun mesmo: hixiene e limpeza; alimentación e hábitos ; a enfermidade .

-Accións que favorecen a saúde.

-O coidado do entorno e o benestar persoal.

-Recoñecemento das necesidades básicas do corpo, hixiene, alimentación, descanso.

-Petición e aceptación de axuda nas situación que así o requiran.

-Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes, respondendo con tranquilidade e colaboración.

-Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comida, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.

-Gusto por un aspecto persoal coidado e polos espazos limpos e ordenados.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.

-Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.

2.2.ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO

2.2.1 BLOQUE DE CONTIDO:1.MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA.

OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA

-Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e máis establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.

-Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc.

CONTIDOS

-Propiedades e relacións dos obxectos: grande, pequeno; duro, brando; aberto, pechado; longo, curto; seco, mollado; ancho, estreito; estirado, encollido; mediano, pesado, lixeiro. Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo.

Corpos xeométricos: esfera, cubo, cono.

-Cuantificadores: moitos, poucos; algún, ningún, varios; máis, menos; par, enteiro; parte; metade; tantos como; cheo, baleiro.

-Relacións, correspondencias, clasificacións, seriacións. Produto cartesiano.

-Numeración 1,2,3,4,5,6,7,8,9. Graffías . problemas sinxelos de suma e resta.

-Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando as súas características e a súa aplicación na vida diaria.

-Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos.

-Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade.

-Achegamento a algunhas magnitudes físicas –peso, lonxitude, capacidade, tempo- a través da estimación: comparando, sopesando, observando...

-Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ó uso do calendario.

-Utilización das nocións espaciais para explicar a situación propia, dalgún obxecto ou persoa.

- Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio mantendo unha actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos.
- Interese pola clasificación de obxectos e de materiais e aproximación á cuantificación de coleccións.
- Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. - Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos segundo distintos criterios.
- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ó seu valor notacional e conceptual
- Propoñer e resolver problemas relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.
- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.
- Describir e representar dun xeito elemental a situación deles en relación a obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental.
- Usar e representar nocións temporais ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida

2.2.2 BLOQUE DE CONTIDO: ACHEGAMENTO Á NATUREZA.

OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA

- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e máis mostrando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.

-Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.

CONTIDOS

-Seres vivos e seres inertes, do entorno e doutros medios. Características, necesidades básicas.

-As estacións na natureza.

-A auga

-Fenómenos do medio natural (calor, choiva, vento, día, noite, erosión, ciclo vital...),e producidos pola acción humana (pontes, encoros, aeroxeradores, muíños de auga...).

-O medio natural: actividades.

-Tempo atmosférico e días da semana.

-Identificación das características e funcións vitais dos seres vivos . Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.

-Observación dalgúns características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.

-Descubrimento das diferentes formas en que se encontra a auga na natureza valorando a necesidade da súa conservación e de facer un uso responsable dela.

-Identificación dos cambios que se producen en canto á luminosidade, á posición do sol, ós ciclos da lúa... ó longo dun día, dos meses e das estacións do ano.

-Formulación de hipóteses sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos polo home.

-Curiosidade, respecto e coidado cara ós elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.

-Gozo ó realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. - Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a realización de actividades ó aire libre.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de

interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.

-Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos.

2.2.3. BLOQUE DE CONTIDO: CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE.

OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA

-Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.

-Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.

-Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen.

-Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega -expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía, etc

CONTIDOS

-A escola. Persoas, funcións e ocupacións, características, dependencias e funcións, espazos.

-A casa e a familia: características da propia, elementos, membros, estrutura, o propio lugar na familia.

-Normas de convivencia.

-A rúa: elementos e a súa función, sinais de educación viaria.

-Os traballos das persoas.

-Espazos para o ocio e a cultura.

-Os transportes.

-Feitos relevantes: o Nadal, o día da Paz, o Entroido, o día do libro, as vacacións.

Outros costumes e signos de identidade da cultura galega.

- Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais, valorando as relacións afectivas, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades. Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias.
- Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.
- Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo. Sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola.
- Interese e disposición favorable para iniciar relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos doutras culturas.
- Colaboración na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos.
- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.
- Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.
- Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.

2.3 ÁREA : LINGUAXES : COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

2.3.1.BLOQUE DE CONTIDO:LINGUAXE VERBAL

OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA

- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconos e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.

- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos con diferentes interlocutores e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutros nenos/as, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara as linguas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- Comprender, reproducir, reescribir- tendo en conta as etapas- e recrear textos.
- Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.

CONTIDOS

- A linguaxe oral e as situacións de expresión e comunicación máis habituais.
- Vocabulario correspondente ás distintas situacións de comunicación e ós diferentes centros de interese.
- Distintas situacións comunicativas en diferentes contextos.
- Formas sociais establecidas para iniciar, manter e terminar unha conversación.
- Textos orais, actuais e de tradición cultural: contos, poemas, adiviñas, ditos...
- A lingua escrita como medio de comunicación información e gozo
- Os instrumentos da lingua escrita: libros, revistas, xornais, contos, etiquetas, carteis...
_ A biblioteca escolar.
- A literatura da súa cultura
- Utilización e valoración da lingua oral, facendo un uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado.
- Participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, respectando quendas e escoitando atentamente.
- Achegamento a lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. -
Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas e

cualitativas. -Iniciación ó coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.

-Escoita e comprensión da lectura de diferentes textos nas dúas linguas oficiais.

-Introdución ó uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo de recursos.

-Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.

-Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

-Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

- Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.

-Comprender mensaxes orais, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.

-Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.

-Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.

-Producir diferentes textos individualmente ou en grupo –con escritura convencional ou non-, con intencións diferentes.

-Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos ,rimas...

-Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo de gozo.

2.3.2. BLOQUE DE CONTIDO:LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA – MUSICAL -CORPORAL.

OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais- o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto- como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar...desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...
- Achegarse ó coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.

CONTIDOS

- Materiais e útiles para a expresión plástica.
- Técnicas: collaxe, pintura, debuxo, amasado, modelado, escultura, etc e cores primarios e complementarios.
- Diversidade de obras plásticas.
- Son e silencio.
- Parámetros do son: duración, intensidade, altura e timbre.
- As propiedades sonoras do corpo, de obxectos e de instrumentos musicais.
- Audición de obras clásicas e contemporáneas.
- Cancións orixinais e populares. Danzas creadas.
- Control do corpo: respiración, relaxación, etc.
- Posibilidades expresivas do corpo.
- Actividades de dramatización, xogos simbólicos e xogos de expresión corporal.
- Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.

- Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.
- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica –líña, forma, cor, textura, espazo e volume.
- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.
- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación.
- Vivencia do son e do silencio.
- Participación en actividades de dramatización e xogos de expresión corporal.
- Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.
- Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e máis o intercambio afectivo
- Gozo nas obras artísticas distinguindo a apreciando elementos básicos das formas de expresión –cor, forma, líña, movemento, volume, texturas, ritmos, melodías, timbres, entre outros- que lles permitan ás nenas/os desenvolver a súa sensibilidade estética
- Gozo e participación activa na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propias das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.

2.3.3. BLOQUE DE CONTIDO: LINGUAXE AUDIOVISUAL.

OBXETIVOS XERAIS DE ÁREA

- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC –ordenadores, a internet, encerado dixital interactivo, escáner, video...- como ferramentas de busca de información, creación expresión e comunicación.

CONTIDOS

- Os medios audiovisuais e tecnoloxías da información e da comunicación.
- As ferramentas tecnolóxicas.
- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
- Achegamento ó uso do ordenador.
- Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación nesta etapa, concibida como un instrumento regulador, orientador e auto corrector do proceso educativo, realizarase de forma continua e considerase un elemento máis de actividade educativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento das nenas e dos nenos, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais como colectivas. A avaliación terá que referirse tanto a como están aprendendo os alumnos, como á revisión dos distintos elementos da práctica docente.

Así a avaliación na educación infantil, tal e como establece a **Orde do 25 de xuño de 2009**, terá en conta aspectos tan relevantes como:

- a) A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.
- b) A coordinación entre os profesionais dun mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos.
- c) A regularidade e calidade da relación cos pais, nais e titores legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.

- d) A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- e) A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas.
- f) A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Os criterios de avaliación de cada unha das áreas (xa citados no apartado 2) serán os referentes para coñecer, por unha parte, en que medida o alumnado desenvolveu as capacidades enunciadas tanto nos obxectivos da etapa como nos de cada unha das áreas e, por outra, para identificar as aprendizaxes adquiridas e valorar o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas.

A avaliación, que formará parte inseparable do proceso educativo, será global, continua e formativa.

A continuación, recóllense os **criterios mínimos esixibles por áreas** para o logro das competencias básicas do 2º ciclo de educación infantil no noso centro:

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Ten unha imaxe axustada e positiva de si mesmo.
- Recoñece, nomea e representa as diferentes partes do corpo.
- Controla e coordina os seus movementos nas distintas actividades.
- Amósase autónomo nas actividades habituais.
- Identifica e comunica sentimentos propios e alleos.
- Desenrola actitudes de axuda, colaboración e respecto sen discriminación.
- É limpo e ordenado no aspecto persoal e no traballo.
- Ten hábitos básicos de atención e escoita.
- Remata as tarefas e actividades que empeza.
- Distingue os sentidos e identifica sensacións a través deles.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Discrimina obxectos e elementos do entorno inmediato e actúa sobre eles: agrupando, clasificando, ordenando, comparando... atendendo a diferentes propiedades (forma, cor, tamaño...).

- Sabe contar, asocia e reproduce (progresiva e regresivamente) a serie numérica.
- Resolve problemas orais sinxelos relacionados coa vida cotiá que impliquen operacións básicas e iniciase na suma e na resta.
- Interacciona e experimenta co medio natural, manifestando actitudes de coidado e respecto.
- Identifica os grupos sociais máis significativos do seu entorno.
- Coñece os principais costumes e tradicións da nosa comunidade.
- Coñece e respecta as normas sociais de convivencia.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Emprega a linguaxe oral para expresarse, pronunciando e estruturando correctamente frases sinxelas.
- Comprende as mensaxes orais que lle comunican outros nenos e adultos.
- Comprende e reproduce algúns textos de tradición cultural.
- Iniciouse na lectura e escritura de letras e palabras.
- Participa en actividades de dramatización e xogo simbólico.
- Exprésase e comunícase empregando medios, materiais e técnicas propias dos diferentes linguaxes artísticos.
- Usa as tecnoloxías da información e comunicación como recurso de aprendizaxe, xogo e comunicación.

A observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas e dos nenos e as entrevistas coas familias ou titores legais constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación.

En canto os documentos de avaliación, no expediente persoal do alumnado consignaranse cando menos:

- a) O informe persoal
- b) O informe de avaliación inicial
- c) O informe anual de avaliación individualizado
- d) O informe individualizado de final de ciclo

Todos eles axustaranse aos modelos establecidos nos anexos da orde citada anteriormente.

4. ACTIVIDADES:

As **competencias básicas en educación infantil inclúense nas actividades cotiás**, e dicir, non supoñerán en ningún caso unha ruptura para os alumnos e alumnas nas súas actividades diarias. Estas competencias veranse reflectidas de forma globalizada na aula, polo tanto, a continuación describiremos unha serie de actividades nas que se poden ver reflectidas o logro e consecución das mesmas, actividades que clasificamos en función de cada unha das competencias básicas que desenvolven.

Autonomía e iniciativa persoal

- **CARGOS DA AULA. FUNCÍONS:** os cargos da aula simbolizan e concretan a distribución das distintas responsabilidades a asumir polo alumnado, de forma efectiva e asociándoos a funcións definidas. Representase graficamente quen ostenta o cargo outorgado para evitar disputas entre o alumnado. Do mesmo xeito, elaborase un mural que recree as funcións asociadas a cada cargo.
- **A MIÑA AULA TEN...:** a miña aula ten implica representar e definir claramente as distintas zonas da aula: perchas, recunchos, mesas, organización do material,... , para favorecer a autonomía dos desprazamentos e localización do alumnado en función ás características da actividade proposta en cada momento.
- **O ALMORZO:** propoñer un menú orientativo ó almorzo do alumnado, san e equilibrado, favorece a creación de hábitos saudables e definirá os gustos alimenticios cando se convertan nunha persoa adulta.

Comunicación lingüística

- **LETREIROS DE IDENTIFICACIÓN:** definen zonas da aula, obxectos e materiais que alberga, mobiliario...; así como conceptos básicos, formas xeométricas,

cores, números, vocabulario, rutinas, fonemas...traballados ó longo do curso escolar.

- **ILUSTRACIÓN DE TEXTOS DE TRADICIÓN ORAL (POESÍAS, ADIVIÑANZAS, LADAÍÑAS...):** a aprendizaxe memorística dos textos de tradición oral citados apoiarán no texto escrito- gráfico que enriquecerá o recuncho do conto ó converterse en instrumentos manipulativos.
- **PICTOGRAMAS:** o uso de pictogramas constitúese nun mecanismo de iniciación do alumnado ó aprendizaxe lectoescritor, estimulando, dada a riqueza de combinacións posibles, a súa capacidade comunicativa a través da palabra.
- **CONTOS: IMAXES SECUENCIADAS:** os contos son instrumentos de aprendizaxe moi motivadores para nenos e nenas. A ampla gama de actividades educativas que poden xerar, convertelos en especialmente interesantes; entre elas, secuenciados con imaxes favorece que o alumnado estructure e organice a historia narrada, a lembre e a enriqueza coas súas propias aportacións.
- **ANIMACIÓN A LECTURA:** a base de contos fomentamos a capacidade de expresión lingüística dos nenos, e o seu gusto pola lectura.

Competencia matemática

- **O CALENDARIO:** constitúe un recurso que favorece que o alumnado adquira unha progresiva estimación do tempo; o tempo, fundamento que define actividades e actuacións do ser humano asociadas a súa cultura. Elaborar un calendario que teña carácter manipulativo, representando os días da semana, contabilizando os días incluídos no mes, é un elemento que potencia o desenvolvemento lóxico matemático.
- **CADROS DE DOBRE ENTRADA:** os cadros de dobre entrada onde se traballan propiedades e atributos diferenciados, estimulan a capacidade lóxica do alumnado ó ter que completalos en base ós datos (atributos) solicitados.

Por outro lado, permite modificar a orde e/ou os atributos solicitados xerando unha gran variedade de posibilidades.

- **FORMAS XEOMÉTRICAS COMO PEZAS DE CONSTRUCCIÓN:** empregar as formas xeométricas como pezas do recuncho de construcións favorece a capacidade creativa do alumnado, que a través da manipulación recoñecendo as propiedades que as definen e van descubrindo outras novas (dous triángulos forman un rombo, dous cadrados un rectángulo,...). Do mesmo xeito, posibilita “descubrir” nas construcións creadas as formas xeométricas empregadas (por exemplo: constrúe unha casa cun triángulo e un cadrado)
- **SOLUCIÓN DE PROBLEMAS:** formular problemas en base ós intereses do alumnado, ilustralos con láminas motivadoras, estruturando a resolución dos mesmos a través de pasos intermedios estimulan e desenvolven o pensamento lóxico- matemático infantil. O proceso fundaméntase no principio de eliminación de datos (ir tachando aqueles elementos- obxectos que non cumpren unhas determinadas características) ata delimitar e concretar o obxecto que desexamos atopar.
- **CÁLCULO MENTAL:** traballamos o cálculo mental de xeito lúdico e agradable para os nenos, que o toman coma unha competición divertida.
- **USO DE MATERIAIS SEGUINDO METODOLOXIA OAOA e ABN:** o uso das regrestas Cuisenaire, tangram, xeoplanos, bloques lóxicos e outros materiais axudan a traballar a numeración, o cálculo, a medida ,a xeometría, a estatística, o azar e probabilidade, a resolución de problemas... Facéndoas visibles e tanxibles aos nenos e nenas polo tanto facilitando a súa comprensión e aprendizaxe significativa sempre a través do xogo.

Competencia social e cidadá.

- **NORMAS DA AULA:** normas que favorecen e regulan a convivencia entre o alumnado e que determinan a relación mantida co/ca docente. Representaranse graficamente e se localizarán nunha zona da aula visible para o alumnado para que lles sirva sempre de referencia.
- **DRAMATIZACIÓNS:** a través delas o alumnado asume e representa distintos roles sociais que lles fan vivenciar distintas situacións reais e imaxinarias. Fomenta de forma lúdica a adquisición das habilidades sociais.
- **ASEMBLEAS:** as asembleas constitúen unha actividade constante nos fundamentos da Educación Infantil. Favorecen o intercambio de opinións e criterios, estimulan a capacidade comunicativa do alumnado e enriquecen o seu vocabulario. Do mesmo xeito, permiten poñer en práctica habilidades sociais asociadas ás normas que regulan o diálogo: respectar a quenda de palabra, pedir permiso para intervir, desenvolver a capacidade de escoita,..

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

- **SAÍDAS NO ENTORNO:** Asociadas ó proxecto traballado en cada momento, incrementan a súa finalidade educativa.
- **VOZ NATURA:** a través deste proxecto estudamos a fauna e flora característicos da nosa contorna e traballamos no xardín e no horto escolar, ademais de elaborar entre todos un decálogo de aforro enerxético.
- **FESTAS POPULARES:** recrear na aula e no centro aquelas festas populares que permanecen arraigadas na nosa cultura, favorece que nenos e nenas as vivencien, achegándonos á súa propia perspectiva e capacidade de percepción. Por outro lado, pódese ir introducindo festividades procedentes doutras culturas como mecanismo de achegamento ás mesmas, tendo en conta o incremento de nenos e nenas que, procedentes doutros países, se acollan ó noso sistema educativo.
- **USO DE MATERIAIS PARA COÑECER OS ATRIBUTOS E CARACTERÍSTICAS DOS OBXECTOS QUE NOS RODEAN:** Coñecer distintos aspectos dos obxectos e elementos do entorno mais próximo contando, medindo,

clasificando, comparando (tendo en conta metodoloxía OAOA) para poder facer un uso correcto deles.

- **CONTORNOS CERCANOS:** Os distintos contornos próximos ao neno e a nena constitúen o contexto no que vive. Recrealos e vencellos entre si dotándoos de significado para el ou ela favorecen a súa comprensión e entendemento.

O colexio – a casa – o barrio – o parque – o centro de saúde...

Competencia no tratamento da información e competencia dixital.

- **COÑECEMENTO DOS ELEMENTOS QUE INTEGRAN O ORDENADOR:** Este coñecemento dos elementos do ordenador (monitor, teclado, rato, torre...) farase mediante tarxetas identificativas que nun primeiro intre se lles presentarán xunto aos elementos do ordenador, posteriormente e mediante xogos e diferentes actividades comprobaremos se coñecen estes elementos e cales son as súas funcións.
- **MANIPULACIÓN DO RATO:** Instrumento de acceso a multitude de actividades e xogos. Por mor das características dos alumnos e alumnas de educación infantil o rato é o mellor medio para que eles e elas poidan empregar o ordenador, ademais serviralles de ferramenta sinxela e útil para acceder a xogos e software propios da idade deles, que ademais se converteran en apoio para a aprendizaxe na aula.
- **BUSCA DE INFORMACIÓN:** de cara ao traballo por proxectos, a busca de información é fundamental, polo que usamos as tics asiduamente.
- **USO DA PANTALLA DIXITAL INTERACCTIVA:** para xogos grupais educativos, visionado de vídeos, contos, información, para os proxectos e nalgunhas aulas intégranse as rutinas iniciais na PDI.

Competencia para aprender a aprender.

- **ACTIVIDADE NOS RECUNCHOS:** A información do alumnado nos distintos recunchos ofrece unha organización da actividade en pequenos grupos, o que favorece unha interacción máis próxima de alumno/a – alumno/a.

Compartir determinados materiais e xogos, estruturar o xogo e levar a cabo tendo en conta unhas normas de uso, posibilita por en práctica o aprendido e adquirir maior conciencia disto.

As actividades nos recunchos poden estar predeterminadas ou ben poden recrearse de xeito espontáneo por parte do alumnado, sempre guiadas e observadas polo/a docente.

- **FILOSOFÍA PARA NENOS/AS:** un proxecto co que fomentamos a capacidade dos nenos e nenas para pensar, razoar, deducir, experimentar, formular hipóteses e buscar solucións e alternativas para calquera problema que se lles prantexe.
- **CONCEPTOS TRABALLADOS PRESENTES COMO ELEMENTOS DECORATIVOS DA AULA:** as paredes da aula convértense en instrumentos de aprendizaxes cando se estruturan de maneira axeitada. Localizaremos por zonas os aspectos traballados, servindo polo tanto de escaparate visual e de reforzo para o alumnado. Zonas : cores, números, conceptos básicos (nocións espaciais, cuantificadores, etc.), formas xeométricas, vocabulario, rutinas, celebracións, mural das estacións, fonemas, etc.
- **EMPREGO DAS REGLETAS:** o emprego das regletas na aula, ben como actividade dirixida pero preferentemente como material a libre disposición do alumnado, axudará a este a interiorizar e asimilar o concepto de suma, el mesmo descubrirá a correspondencia existente nas regletas entre as cores e os números, así mesmo entenderá como menos abstracto o concepto de número e de suma, estes dous elementos converteranse en elementos tanxibles para o neno e a nena.

- **BITS DE INTELIXENCIA:** a través dos bits de intelixencia presentaremos ós alumnos diferentes obras de arte cos seus correspondentes pintores, escultores, arquitectos, etc. Isto propiciará nos nenos e nenas un maior coñecemento do entorno así como un achegamento á nosa realidade artística e cultural.
- **PRESENTACIÓN DE DIFERENTES TÉCNICAS PLÁSTICAS:** coloreado, con diversos materiais, picado, recortado, repasar debuxos con rotulador, punteado, collage, estampado, etc. Isto propiciará nos nenos e nenas o gusto e interese por experimentar con distintos materiais, fomentando igualmente a súa autoestima ó observar á súa “obra”.
- **CANCIÓNS E XOGOS TRADICIONAIS:** Achegando aos nenos e nenas ás cancións e xogos tradicionais estamos propiciando o seu coñecemento da nosa bagaxe cultural, igualmente deste xeito achegámoslos ao seu contorno, con iso os nenos e nenas sentiranse máis seguros no mundo que os rodea. Ademais co coñecemento de cancións e xogos tradicionais achegarémolos a unha expresión artística realmente importante da nosa comunidade, o baile.
- **INSTRUMENTOS MUSICAIS:** Coa música non só desenvolveremos nos nenos e nenas o seu oído musical senón que a través deles achegarémolos a unha expresión artística máis: as producións musicais, para eles poderen inventar calquera ritmo será motivo de ledicia e interese pola nosa cultura, igualmente en actividades de audición musical nas que teñan que identificar os sons producidos polos diferentes instrumentos suporán un achegamento á nosa cultura e a todo aquilo que nos identifica.
- **ACTIVIDADES PSICOMOTORAS:** A psicomotricidade en Educación Infantil non pode ser entendida en ningún caso como Educación Física, con ela desenvolveremos nos alumnos e alumnas todas as súas capacidades a través do movemento. Psicomotricidade para eles significa diversión e aínda máis se esta está acompañada de música e baile. A través da psicomotricidade achegamos aos nenos á nosa cultura (en ocasións nas

sesións psicomotrices introdúcense xogos tradicionais) e á arte (introducimos en multitude de ocasións o baile e a danza así como a audición de diferentes obras clásicas para a relaxación despois dunha actividade de movemento). Por outra banda, cando falamos de psicomotricidade non debemos esquecer a psicomotricidade fina, co debuxo, o resgado, o recortado, etc. achegamos aos alumnos e alumnas, tal e como mencionamos con anterioridade, á arte.

Competencia emocional.

- IDENTIFICACIÓNS DE XESTOS FACIAIS: As emocións que os nenos e nenas poden observar nos demais a cotío confunden aos máis pequenos. Unha actividade que os axudará a identificar as emocións consiste en ensinarlles láminas nas que observen diferentes emocións. Deberán identificalas para posteriormente arremedalas.
- XOGO DAS EMOCIÓNS: Este xogo, normalmente situado no recuncho dos contos, desenvólvese e consiste en que un deles observe unha lámina cunha emoción, a represente no espello e o compañeiro terá que identificala. Con este xogo no só coñecerán diferentes emocións senón que desenvolveremos sentimentos como a empatía.
- DEFINICIÓN DAS EMOCIÓNS HUMANAS: Esta actividade, nun principio pode resultar de grande complexidade nos alumnos xa que nela, lonxe de resaltar as emocións típicas como poden ser a tristeza, a ledicia ou o asombro, pretende dar a coñecer aos alumnos e alumnas sentimentos como o amor, o anoxo, o agarimo, a xenerosidade, a amabilidade, etc. para eles sentimentos e emocións moito máis complexos e difíciles de identificar.
- AS EMOCIÓNS NA MÚSICA E NO ARTE: a través de proxectos sobre determinados artistas (músicos, pintores, escultores...) , preferentemente galegos, fomentamos nos nenos e nenas o gusto por estes campos fundamentais no seu desenrolo emocional e académico.

5 .METODOLOXÍA E TEMPORALIZACIÓN:

A metodoloxía empregada será adaptada ás medidas específicas marcadas pola Xunta de Galicia no protocolo da Covid 19, respectando a separación entre grupos, o emprego individual dos materiais, a eliminación de xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios, organizando quedas de recreo para non coincidir con outros grupos no recreo e sobre todo traballando a hixiene das mans e as normas de hixiene concienciando ao alumnado coa pandemia presentando actividades de xeito lúdico.

O termo metodoloxía pódese definir como as decisións relativas ó como ensinar.

Os métodos de traballo, tal e como se establece no decreto 330/2009 do 4 de xuño, baséanse nas experiencias, nas actividades e no **xogo**, partindo da realidade individual de cada neno para chegar a acadar, de xeito gradual, os obxectivos sinalados para esta etapa, e son aplicados nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e integración social.

A **afectividade** é o fío condutor das situacións de ensino-aprendizaxe, xa que as nenas e os nenos deben sentirse seguros e construír coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva, por iso as mestras e os mestres coa súa intervención tratan de guiar, animar, apoiar, abrir novos camiños, suxerir e así estimulan a creatividade e contrarrestan estereotipos e convencionalismos.

Co fin de atender ós distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado e ás súas características persoais crese necesario un enfoque metodolóxico concreto, unha estratexia metodolóxica integradora que parta das necesidades de adecuar o ensino ás necesidades e intereses do alumnado e ás necesidades educativas. Por iso optouse como método o **traballo por proxectos** dentro dunha **visión constructivista** da aprendizaxe.

Que se basea no tratamento da información de xeito conxunto, no establecemento de relacións entre contidos e no enfoque globalizado que vai favorecer a construción do coñecemento e á consecución das competencias básicas, asegurando que as aprendizaxes sexan significativas e contextualizadas.

Os contidos neste ciclo organízanse tendendo cara a un “**enfoque globalizador**”, e dicir, que as propostas didácticas teñen como punto de partida situacións globais – situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo...- nas cales se poñen en xogo os contidos das diferente áreas.

Na nosa proposta didáctica teñen cabida as secuencias de aprendizaxe, os **proxectos** consensuados, negociados e levados a cabo colectivamente polo grupo ou as unidades didácticas, todos eles englobando contidos de diferente tipo e de distintas áreas aínda que tamén se planifican outras actividades que alternen coas propostas globalizadas.

A continuación explicamos brevemente como é o **desenvolvemento dos proxectos** nas aulas:

- 1. Selección do proxecto:** este escollerase coa aceptación de todo o grupo-clase, a partir dunha proposta do propio grupo, da mestra ou dalgún dos equipos do centro.
- 2. Participación das familias:** comunicación ás familias para petición de colaboración.
- 3. Determinación de coñecementos previos:** nunha primeira asemblea determinaranse os aspectos xa coñecidos polo alumnado e recolleranse todas aquelas preguntas ás que se queira dar resposta durante o proxecto. Que sabemos?, Que queremos saber?.
- 4. Determinación de obxectivos** que expresen as metas máis importantes a acadar.
- 5. Selección e organización de contidos**
- 6. Recursos educativos:** o que os propios nenos aportan e tamén a información e recursos aportados pola mestra: cancións, contos, imaxes, actividades, tics...
- 7. Deseño de actividades**
- 8. Ambientación da aula:** en función do tema habilitarase un espazo na aula.
- 9. Temporalización:** variará en función de cada proxecto, podendo ser anuais, trimestrais ou pequenos proxectos de menos duración.
- 10. Coordinación e interacción co resto do profesorado:** coordinando actividades conxuntas para incluílas e relacionalas en cada unha das clases.

Ademais no traballo de aula, téñense en conta numerosas ideas do **Método Montessori**, fundamentalmente o respecto cara os nenos e nenas e a súa capacidade de aprender. Trátase de descubrir e axudar a alcanzar ó neno o seu potencial como ser

humano, a través dos sentidos. Algúns dos aspectos abordados nesta metodoloxía que teremos en conta á hora de traballar na aula son:

- Liberdade
- Autonomía
- Concentración
- Actividade
- Orden
- Respetto polos demais e por si mesmo
- Iniciativa
- Capacidade de elixir

Para o tratamento das **matemáticas** seguimos a metodoloxía do **movemento OAOA** no que se engloban todos os aspectos que teñen que ver con esta disciplina: numeración, cálculo, medida, xeometría, estatística, azar e probabilidade, resolución de problemas...neste movementos demóstrase que todo o mundo está capacitado e é apto para as matemáticas soamente débese cambiar a forma de abordalas. Facelas visibles e tanxibles aos nenos e nenas.

A **LOE** establece **oito competencias básicas** que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico.

Aínda que estas veñen indicadas para o ensino obrigatorio, e preciso que o seu desenvolvemento se inicie desde o comezo da escolarización, de xeito que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea establecéronse oito competencias básicas:

- **Competencia en comunicación lingüística**
- **Competencia matemática**
- **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.**
- **Tratamento da información e competencia dixital.**
- **Competencia social e cidadá.**
- **Competencia cultural e artística.**
- **Competencia para aprender a aprender.**
- **Autonomía e iniciativa persoal.**

O paradigma educacional referente debe ser o de **aprender a aprender** e de **aprender facendo**. Cómpre unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica.

Para desenvolver as competencias é necesario **traballar**, sobre todo, **por proxectos e resolvendo problemas**: así propoñeranse tarefas e retos que inciten as alumnas e os alumnos a mobilizar os seus coñecementos e habilidades.

6 .MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

Debido á pandemia da Covid 19 e seguindo o protocolo da Xunta de Galicia os materiais serán o mais individuais posibles, serán desinfectados despois do seu uso e gardaran un período de corentena de 24 horas.

En educación infantil ten especial importancia a preparación do material e a súa adecuación ós obxectivos propostos, vixiando a capacidade de estímulo de cada obxecto en cada momento, para proceder a súa renovación ou cambio en función das tamén cambiantes necesidades dos alumnos.

O material é un instrumento que o neno emprega para levar a cabo a súa actividade ou os seus xogos. Polo tanto, o centro ofrece unha gama variada e estimulante de obxectos, xoguetes e materiais que proporcionan múltiples ocasións de manipulación e de novas adquisicións. O material debe responder ás posibilidades de acción e á inesgotable curiosidade dos cativos; por iso, dispónse ademais do que se podería considerar convencional (papel, pinturas, punzóns, tesoiras, plastilina... ou pelotas, aros, xoguetes tradicionais como bonecos, coches, cacharriños, roupa, mobiliario..., ou xogos didácticos e de mesa como construcións, puzzles, lotos, dominós, bloques lóxicos...) doutro tipo de material moito menos estruturado e definido, pero que precisamente por iso prestase a ser empregado polos nenos de múltiples formas, para responder a unha gran variedade de obxectivos. Este tipo de material (botes ou caixas de cartón, tacos de madeira, trozos de telas, pallas para beber, revistas, xornais...) resulta particularmente propicio para as actividades de xogo

simbólico, pois como non teñen unha funcionalidade precisa permiten ós nenos proxectar nel o seu coñecemento da realidade, as súas fantasías e as súas vivencias.

Nas aulas de infantil contamos cunha ampla selección de materiais manipulativos para o traballo das matemáticas, seguindo as orientacións do movemento OAOA, tales como: regretas Cuisenaire, ábacos, xeoplanos, metros, básculas, tangram, materiais elaborados...

Dentro do centro, os nenos e nenas de infantil fan uso da biblioteca do centro, da aula de psicomotricidade, do parque infantil de recreo e para actividades puntuais faise uso dos corredores ou vaise á sala de usos múltiples.

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Atención á diversidade é coñecer, respectar e valorar as diferenzas individuais e culturais dos alumnos. Promover valores de respecto, solidariedade, igualdade, tolerancia,...E tamén asumir a pluralidade do alumnado, do profesorado, da comunidade,..

Dada a heteroxeneidade de calquera grupo-clase, a mestra debe ser especialmente sensible ás diferenzas que amosan os alumnos/as: nas súas capacidades, nos seus estilos de aprendizaxe, nos seus intereses e nas súas preferencias persoais. Na programación os temas e as actividades teñen que ser variadas para que todos os nenos e nenas poidan desenvolver a súa aprendizaxe do xeito máis axustado posible ás súas propias características.

Na Educación Infantil os intereses dos nenos e nenas gardan moita relación coa novidade e coas preferencias individuais por unhas actividades ou outras. De aí que as actividades deben deseñarse en función non soamente das condicións para favorecer unha aprendizaxe significativa senón tamén da súa potencialidade para satisfacer futuros intereses que serán distintos segundo a historia de cada neno e nena.

Entre os escolares hai un importante colectivo que toma a denominación de “Alumnado con necesidade específica de apoio educativo” segundo a LOE, baixo esta

denominación inclúense os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Para estes alumnos e alumnas con necesidades educativas de apoio educativo e preciso axustar a actuación educativa a fin de compensar as dificultades e evitar o incremento das mesmas en etapas sucesivas, a través das axudas pedagóxicas necesarias e dos servizos educativos especiais. No CEIP PLURILINGÜE GRAXAL contamos con dúas mestras de apoio a infantil que axudan en todas as aulas e nas aulas onde hai casos que así o requiren asisten outras mestras do centro para desenvolver labores de reforzo cos alumnos/as que o precisen.

O tratamento e as medidas de atención á diversidade que se adopten irán encamiñadas en todo momento a lograr que todo o alumnado acade os obxectivos xerais e serán levadas a cabo baixo os principios de normalización (adoptando en primeiro lugar as medidas máis ordinarias posibles de intervención para deixar para o último caso as máis extraordinarias) e o de inclusión (facendo que todos os rapaces e rapazas compartan os mesmos espazos, participando activamente). Para atender a diversidade que se presenta na aula, teremos en conta:

- A modificación dos tempos nas actividades segundo os ritmos de cada neno/a.
- A adaptación da axuda pedagóxica segundo os resultados obtidos.
- A adecuación dos contidos e da metodoloxía ás necesidades dos nenos e do momento.
- A adaptación das actividades aos alumnos/as.
- Os procesos de socialización e a formación en valores.
- Os problemas de convivencia.
- A manipulación da diversidade de materiais e recursos.
- A axeitada relación coas familias dos nenos.
- Os medios humanos e os recursos para a prevención de posibles deficiencias
- A adaptación da programación, xa que ten un carácter aberto e flexible.
- A integración de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

O CEIP PLURILINGÜE GRAXAL conta para estes casos co Departamento de Orientación que dispón de Orientadora propia ademais de dúas especialistas en pedagogía terapéutica, unha especialista en audición e linguaxe e unha especialista en pedagogía terapéutica con perfil de audición e linguaxe. Tamén conta con dúas coidadoras a tempo total.

8. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC E A COMUNICACIÓN E DO PLAN LECTOR DA BIBLIOTECA ESCOLAR:

O obxectivo principal do CEIP Graxal é integrar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación nas tarefas que se levan a cabo no centro, de xeito que o profesorado e o alumnado as utilicen como unha ferramenta máis nos procesos de ensino aprendizaxe e sirvan como vehículo de comunicación e acceso á información de todos os cidadáns en igualdade de condicións.

Por iso as actividades que planifiquemos coas TIC partirán do que os alumnos saben para que poidan relacionar o aprendido coas novas aprendizaxes. Así mesmo os traballos programados fomentarán a cooperación e o intercambio de ideas, opinións, experiencias...

As habilidades no manexo dos ordenadores que irán adquirindo os noso alumnos/as debe ser consecuencia do traballo con eles, non do obxectivo a conseguir. En educación infantil traballaranse os seguintes **contidos relacionados cas TICS:**

- Recoñecemento do rato e punteiro, teclado e monitor
- Aceso e apagado do ordenador
- Apertura e peche de programas dende o escritorio
- Manexo dun programa sinxelo de debuxo
- Manexo de programas educativos relacionados co currículo de infantil

Por outra banda o noso centro o CEIP PLURILINGÜE GRAXAL, pertence ao Plan de mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia (PLAMBE). Os centros que se integran neste programa reciben, ademais dos recursos económicos, formación, asesoramento

continuado e acompañamento por parte da DX de centros e recursos humanos, responsable do programa, a través da asesoría de bibliotecas escolares; por outra parte, o profesorado responsable e coordinador do equipo de biblioteca deste centro participa nun foro profesional no que se comparten informacións, experiencias e propostas de traballo ao longo do curso escolar.

Dende Educación Infantil pretendemos colaborar en todas as actividades propostas polo equipo de biblioteca. A **concreción do plan lector** será a seguinte:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura
- Potenciar a comprensión lectora dende as idades máis temperás.
- Conseguir que a lectura sexa un elemento de desfrute persoal.
- Ofrecer a posibilidade de manipular na Biblioteca de aula e de centro diversos materiais.
- Responsabilizar ao alumnado do coidado e manexo de diferentes soportes lectores.
- Aceptar e poñer en práctica como usuarios as normas dunha biblioteca.

Propostas de actividades do plan lector:

- Itinerarios lectores
- Hora de ler
- Mochilas viaxeiras
- Apadriñamento lector
- Contacontos do Moucho Leroucho, no caso de ser ofertado polo concello de Cambre.
- Actividades de lectoescritura secuenciadas por niveis: manipulación do material lector de xeito individual en diferentes momentos e espazos, escoita colectiva de contos e realización de actividades arredor deles, escritura a partir do escoitado e lido...

9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA EDUCACIÓN

EN VALORES:

A boa convivencia no centro non é simplemente unha condición para o ensino dos contidos curriculares, senón unha aprendizaxe básica en si mesma. Na escola convivimos, traballan xuntos nenos e nenas diferentes, o que require aceptar e abrirse ao outro e establecer relacións de compañeirismo e cooperación, baixo a mirada dun educador que observa o proceso, gradúa as dificultades e atende a cada un.

A escola é un lugar privilexiado de convivencia, é un espacio de encontro, de experiencias compartidas e de coñecemento dos outros. Por iso , unha finalidade básica da educación será aprender a convivir, sendo preciso o tratamento e desenvolvemento do plan de convivencia do centro. Neste sentido, no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, establécese como fins: garantir un entorno educativo de respecto, a prevención para tratar o acoso escolar, recoñecer ao profesorado facultades para previr e correxir, e implicar ás familias na convivencia dos centros.

O enfoque que se lle da á convivencia no colexio ten, máis que nada un enfoque construtivo e positivo. As actuacións que se toman van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e resolver conflitos a través da participación, a comunicación e a prevención de problemas de conduta.

Promoverase un bo clima de convivencia no centro, a través dos seguintes obxectivos:

- Facilitar a comunicación entre os membros da comunidade escolar deseñando procedementos que faciliten a expresión de problemas, das ideas, das suxestións.
- Concienciar ao alumnado do seu papel na mellora da convivencia, especialmente no recoñecemento de conflitos e na busca de solucións para evitalos.

- Favorecer a comunicación entre o alumnado, a autorregulación e a toma de decisións por consenso.
- Descubrir as dinámicas internas dos grupos de alumnas/os, co fin de detectar problemas de relación e buscar estratexias de resolución dos mesmos.
- Sensibilizar as familias do alumnado sobre a importancia de previr condutas violentas nos seus fillos/as.
- Favorecer a reflexión das familias sobre a transcendencia que pode ter o modelo de relación que establecen cos seus fillos/as.
- Favorecer a reflexión da comunidade educativa sobre a convivencia na interculturalidade e na diferenza de xénero.

Para acadar estes fins en Educación infantil, poremos en práctica as seguintes accións:

- Realización de asembleas nas que os alumnos e alumnas se expresen, falando de xeito ordeado e respetando a quenda de palabra.
- Daremos responsabilidades aos alumno/as nomeando un “encargado do día” onde un neno ou nena será encargado/a e axudará nas diferentes rutinas diarias.
- Empregaremos metodoloxías activas, como o traballo por proxectos e o aprendizaxe cooperativo, que axudará a mellorar a convivencia e conseguir un ambiente relaxado e cálido, no que os nenos/as se sintan aceptados e cómodos.
- O método utilizado para a resolución de conflitos será a disciplina positiva. Buscando fomentar en todo momento a resolución pácifica dos mesmos.
- Actividades de xogo simbólico e dramatización de accións cotiás e pequenos conflitos entre compañeiros. Resolución colectiva dos conflitos.
- Implicaremos aos alumnos/as na elaboración das normas da aula, axudándolles a coñecer as normas de educación e conduta nas relacións cos demais (Saudar ao entrar e ao saír da clase, compartir os materiais e xoguetes en cada actividade, coidar os materiais comúns, non pelexarse na fila, non excluír a

ningún compañeiro nos xogos espontáneos, pedir as cousas por favor e dar as grazas, recoller e ordenar os materiais e xoguetes utilizados, respectar o traballo do compañeiro/a...) a través de xogos, murais...

- Traballaremos a educación en valores a través de contos adaptados á idade dos nenos e nenas.
- Realización de murais colaborativos nos días sinalados, como o día da Paz e o da non violencia.

10.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considera-las visitas, traballo de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.

Durante este curso por mor da pandemia da COVID 19 non se poderán nun principio realizar saídas nin actividades nas que se comparta espazo con outros grupo clase. Tratarase de facer algunhas actividades de xeito virtual e esperamos que segundo vaia transcorrendo o tempo se a situación cambia se poidan organizar novas actividades como as que mencionamos a continuación:

- sesións do Moucho Leroucho, no caso de que o oferte o concello de Cambre.
- visita a unha biblioteca
- saída polo contorno
- concertos didácticos no Palacio da Ópera
- sesións teatrais
- visita ao centro dun Rei Mago
- actividades de interacción nenos/as maiores-pequenos/as (apadriñamento lector) pendente da evolución da situación COVID.
- vista aos Museos Científicos da Coruña
- excursión de fin de curso

Ademáis das mencionadas, ao longo de curso leváranse a cabo tódalas actividades complementarias que vaian xurdindo.

Así mesmo no centro terán lugar numerosas conmemoracións tales como:

- Día das bibliotecas
- Día da infancia
- Celebración do Samaín e o Magosto
- Festival de Nadal
- Día da Paz e da Ilustración
- Día de Rosalía de Castro
- Día da muller traballadora
- Entroido
- Día da árbore e do medio ambiente
- Semana da prensa e día do libro
- Letras galegas
- Fin de curso

Por outra banda, considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc. e se realizan fóra de horario lectivo. A participación nelas será voluntaria.

No CEIP Plurilingüe Graxal as actividades extraescolares son organizadas pola ANPA e teñen actividades e grupos para os nenos de educación infantil.

11.PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN:

Tal e como se establece no capítulo VI da Avaliación da Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo

ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Co fin de analizar e valorar o proceso de ensino que ten lugar nas aulas e adaptar progresivamente a intervención educativa ás características e necesidades do alumnado, a avaliación na educación infantil terá en conta aspectos tan relevantes como:

- a) A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.
- b) A coordinación entre os profesionais dun mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos.
- c) A regularidade e calidade da relación cos pais, nais e titores legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.
- d) A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- e) A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas.
- f) A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Algúns dos instrumentos que se empregaran para obter estes datos serán:

- Follas de rexistro, onde ir anotando os aspectos obxecto de cuantificación mencionados no punto anterior. A observación directa e sistemática e a principal forma de avaliar en educación infantil.
- Diario de aula, que permite recoller situacións ocorridas na aula sobre as que poder reflexionar posteriormente.
- Enguisas para as familias e rexistro de respostas do alumnado

12. O PERÍODO DE ADAPTACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL:

O período de adaptación é a incorporación escalonada da permanencia do alumnado no centro. Acorde a Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, o profesorado elaborará un plan de adaptación, destinado ó alumnado que se incorpore por primeira vez ó centro. A planificación do período de adaptación incluírá o desenvolvemento dos seguintes aspectos:

- Participación e colaboración das familias neste período.
- Flexibilización do calendario e horario dos nenos e nenas que se incorporan por primeira vez ao centro.
- Actividades encamiñadas a unha mellor adaptación destes alumnos.
- Flexibilización no tipo de agrupamento.

Para favorecer e facilitar este período adaptaremos unhas pautas concretas:

- Puntualidade: é importante chegar á hora indicada , cumprindo o horario persoal de cada alumno.
- Entrada e saída: as mestras recolleremos e entregaremos aos nenos na porta da aula. Os pais/nais non accederán a aula.
- Asistencia: a asistencia continua facilita a adaptación e a adquisición das rutinas e hábitos na escola

Este curso, imos levar a cabo o período de adaptación ao igual que en cursos anteriores: as dúas titoras permanecerán xuntas na mesma aula con dous grupos de 18 nenos/as en dúas quendas. Con esta medida pretendemos acadar un mellor coñecemento do alumnado para facer un reparto equilibrado das dúas aulas e tratar de evitar os problemas xurdidos noutros cursos, con varios alumnos con NEE nunha aula, o que redundará en beneficio de todos. Ao rematar o período, as aulas estarán xa definidas e facilitarase aos pais a distribución correspondente.

13. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO DEBIDO A SITUACIÓN DO COVID19:

O alumnado de educación infantil non ten a obriga de usar a máscara pero aconséllase o seu uso na medida do posible. A máscara de repostos permanecerá na aula custodiada pola titora.

Os espazos distribuiranse en función do número de alumnos procurando sempre garantir a máxima distancia posible.

A asemblea realizarase respectando as rutinas habituais e engadindo a estas as de lembrar as normas de hixiene e de distancia social.

Como metodoloxía manterase o traballo por proxectos, co material que traian da casa farase un recuncho no que poderán xogar unha vez que finalice a corentena de dito material ou sexa desinfectado.

As actividades coas familias seguen presentes na nosa metodoloxía pero nela tomará unha maior presenza a competencia dixital e en caso de usar libros viaxeiros quedarán en corentena o tempo correspondente.

Conformaranse grupos estables de convivencia dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos) dentro do grupo aula burbulla.

Cada alumno terá unha caixa individual para o material de uso cotián e outra caixa para cada grupo estable de convivencia cos obxectos de uso máis esporádico.

Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase para cada un dos grupos sendo desinfectado ou posto en corentena antes de ser utilizado por outro grupo.

Para o traballo / xogo en recantos delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual sempre que sexa posible, ou en grupos estables de convivencia deixando o material en corentena ou garantido a desinfección para o seu posterior uso.

O uso dos aseos será xestionado polas titoras e especialistas que organizarán as horas de aseo da aula en función das súas necesidades e atendendo ás recomendacións ditadas no protocolo.

A merenda realizarase na aula, antes de saír o recreo, sentados nos GEC e coa vixilancia necesaria por parte da profesora.

Procuraranse fomentar aqueles xogos que non precisen contacto entre o alumnado, establecendo dinámicas que permitan manter o distanciamento interpersoal.

No caso de suspensión da actividade presencial establecerase a comunicación telemática necesaria coas familias (correo electrónico, video-chamada, teléfono, aplicación de mensaxería instantánea) e para garantir a continuidade no proceso de ensino aprendizaxe utilizaranse as canles de comunicación establecidas polas titoras.

14.ANEXO: ADAPTACIÓNS NECESARIAS EN CASO DE DOCENCIA NON PRESENCIAL:

1- Metodoloxía, materiais e recursos en caso de atención a alumnado en corentena ou en caso de suspensión das clases presenciais (alumnado con conectividade ou sen conectividade).

O curso pasado empregáronse, con éxito, aplicacións de mensaxería instantánea entre as titoras e as familias, polo que consideramos que é axeitado continuar con este método tanto en caso de alumnado en corentena ou confinamento. Optaremos por actividades lúdicas, e que requiran de materiais de uso frecuente nas casas.

2- Procedemento e instrumentos de avaliación para o ensino non presencial. Avaliaremos o traballo do alumnado en función do que as familias envíen telemáticamente. Pensamos que este tipo de avaliación non é obxectiva, xa que dependen da dispoñibilidade das familias para poder axudar aos nenos e nenas e ademais esta tarefas estarán realizadas baixo a atención individualizada das familias. Creemos que en Infantil é necesaria a observación directa e sistemática da aprendizaxe e non só o resultado final das actividades.

3- Medidas de atención á diversidade para o alumnado NEAE. Seguiranse en todo momento as instrucións e indicacións do Departamento de Orientación, e adaptaranse, sempre que sexa posible, as actividades ás características do alumnado NEAE, e de ser preciso, enviaremos actividades específicas en función das súas necesidades educativas.